



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE 2019, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES/AS ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
Escusa asistencia	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta de outubro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (30/09/2019 e 16/10/2019).**

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de setembro do ano que andamos, que logo de facer a corrección que deseguido se indica, apróbase por unanimidade dos asistentes:

Dáse conta da acta da sesión do 30/09/2019 na que debe corrixirse o seguinte:

No punto terceiro, onde di: “Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, di que deben incluír nas bases...” debe dicir “Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que deben incluír nas bases...”.

No punto sétimo, onde di: “Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA preguntalle ao Secretario” debe dicir “Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE preguntalle ao Secretario”.

No punto oitavo, na terceira intervención onde di: “Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta” debe dicir “Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta”.



O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, sinala que no terceiro punto de rogos e preguntas aparece *bufé* entre comiñas. Non sabía que se poñían as comiñas para resaltar os erros dun concelleiro. Pregunta se se debe a que é un erro e por iso está entre comiñas.

Intervén o Sr. Secretario para dicir que iso está gravado, e como ás veces o Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, fala con intención sarcástica non sabe se o que dixo foi por erro, que todos teñen, ou con toda a intención. Entre “bufé” e “bufete” existe unha gran diferenza. Ao estar gravado, non se modificou, pero se o Sr. Lago Lestón di que se trata dun erro, corríxese de inmediato.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que non é necesario.

Dáse conta da acta da sesión do dezaseis de outubro que ano que andamos que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Aprobación, se procede, do Plan económico-financeiro 2019-2020. (Expediente 2019/X999/000058)**

Dáse conta do informe da comisión informativa especial de economía e especial de contas, no que visto o Plan Económico-Financeiro para os exercicios 2019-2020 e en cumprimento do disposto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF), propónse :

**Primeiro.-** Aprobar o Plan económico-Financeiro do Concello (2019/X999/000058) nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

**Segundo.-** Dispoñer a súa exposición pública durante o prazo de 15 días. Unha vez rematado este prazo de exposición pública, publicarase o texto do Plan no BOP. a efectos exclusivamente informativos.

A Presidencia di que no ano 2018 se fixeron máis inversións das que tiñan capacidade, por iso hai parámetros que non son positivos: primeiro, a regra de gasto, que ten unha consecuencia positiva, elevar ese teito de gasto permite ter ese teito de gasto máis elevado este ano. Por outro lado si afecta a outro parámetro como é o remanente. Neste plan que obriga a lei a facer en dous anos, en principio a única transcendencia que vai ter na práctica é que o ritmo de inversións vai ser máis lento.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, roga que se mande a información dos temas que van ir ao pleno para poder estudala.

Pregunta se hai un exceso de gasto de 156.000 €. Gustaríalle saber de onde vén ese exceso de gasto, xa que sempre din que fan moitas obras e que como sempre van á baixa hai remanente. Neste caso parece que foron á alza. Solicita un informe de cales foron as obras que excederon ese gasto e que producen ese remanente negativo.

Entende que tiñan presa por pedir o famoso crédito de 500.000 € porque se achegaban as eleccións e visto o excedente de gasto dese exercicio económico o equipo de goberno quería tapar buracos. Agora entende para que querían o crédito de 500.000 €.

Solicita de novo o informe das obras que excederon ese gasto, e di que facer as obras máis lentas do que as está a facer o equipo de goberno é case imposible.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta cales son as obras que se retardarán.



A Presidencia resposta que en principio sería a segunda fase da pista de rodadura.

Respóndelle ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, que o plan económico-financeiro é para enxugalo no 2019 e 2020.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que se arrastra un problema económico que vai impedir que as inversións e as obras se leven a cabo como deberían e van ir máis lentas.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA.

**3º.- Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos nº 17/2019 (baixas por anulación de créditos para financiar o remanente de tesouraría negativo) (Exp. 2019/T002/000001)**

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas sobre o expediente de modificación de créditos 17/2019, e á vista del proponse:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de modificación de créditos 17/2019 na modalidade de baixas por anulación de créditos para o financiamento do remanente de tesouraría negativo co detalle que consta no expediente (2019/T002/000001).

**Segundo.-** Dispoñer a exposición publica do expediente mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial de la Provincia, polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións. En caso contrario o Pleno adoptará acordo expreso relativo á resolución das mesmas e á aprobación definitiva da modificación do orzamento.

Intervén a Presidencia para indicar que hai que aprobar esta modificación para financiar o remanente de tesouraría negativo. Refírese á obra do POS de sumidoiros de Romarís, da que xa tiñan todos os permisos para poder comezar a licitar a obra. Aínda que se comezase a licitar agora, esas obras de sumidoiros é moi complicado executalas neste tempo. Esta obra traspásase para os orzamentos do 2020, e en vez de comezar a licitación en outubro, farase en xaneiro. Espera que se poida acometer a obra na primavera/verán de 2020. A obra dáse de baixa no orzamento de 2019 e de alta no do 2020 para enxugar tecnicamente o remanente de tesouraría negativo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta se o valor da obra é de 156.000 €, e de ser así, non estaba equivocado cando falaba antes.

A Presidencia di que poderían licitar a obra agora, adxudicala en decembro, pero se segue chovendo como ata agora non van poder executala, por iso non hai diferenza.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta se nos oito anos de goberno do PP nunca se fixeron obras de sumidoiros no inverno.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que de todos os xeitos unha obra para a que hai os cartos dende hai un ano e que agora se paralice e se pase ao ano 2020 non é de recibo. Di que o grupo de goberno ten que avivar.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e BNG-AA.

**4º.- Aprobación, se procede, sobre expediente de cancelación de dereitos recoñecidos de exercicios pechados (Exp. 2019/X999/000062)**



Dáse conta do informe da comisión de economía e especial de contas sobre o informe-proposta da tesouraría municipal, proponse:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de cancelación de dereitos recoñecidos pendentes de cobro de exercicios pechados por importe total de 10.722,66 € de acordo detalle que consta no expediente (2019/X999/000062).

**Segundo.-** Que se practiquen os asentos contables necesarios para facer efectiva a dita cancelación.

A Presidencia di que isto é a baixa nunha adxudicación e a parte que lle corresponde á Xunta xa non a ten que pagar.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

**5º.- Aprobación, se procede, sobre expediente de modificación de saldo inicial conceptos non orzamentarios por erro material no concepto 10040 (Exp. 2019/X999/000061)**

Visto o informe-proposta da tesouraría municipal, proponse:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de depuración de saldos das contas non orzamentarias para a súa posterior modificación do seu saldo inicial de acordo co detalle que consta no expediente (2019/X999/000061)

**Segundo.-** Practicar os asentos contables necesarios para facer efectiva a dita modificación.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

**6º.- Dar conta do Período Medio de Pago (3º trimestre de 2019).**

Dáse conta do Período Medio de Pago do 3º trimestre de 2019, que é de 27,28 días.

**7º.- Declaración institucional sobre o 25N.**

Declárase a urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.

No marco da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o presente manifesto quere, en primeiro lugar, lembrar ás mulleres e tamén aos menores que foron asasinados como consecuencia da violencia de xénero polas súas parellas ou exparellas, ou ben no marco de calquera dos tipos de violencia machista existentes.

O Concello de Vedra que subscribe este manifesto, e que forma parte da Rede Galega de Concellos en contra da Violencia de xénero, quere unirse ao resto dos colectivos da cidadanía que manifestan publicamente o seu rexeitamento máis absoluto á violencia de xénero, como unha das expresións máis extremas da desigualdade, da subordinación e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

En palabras de Kofi Annan, que foi Secretario Xeral das Nacións Unidas: "A violencia contra a muller é quizais a máis vergoñosa violación dos dereitos humanos".

A violencia de xénero segue instalada na nosa sociedade e fai que millóns de mulleres vivan aterrorizadas na súa vida cotiá por unha soa razón: ser mulleres nun mundo dominado por homes. Para moitas delas a tortura é parte da súa vida e en demasiadas ocasións tamén da súa morte, ou mellor devandito asasinato. Porque son asasinadas, non mortas. Porque quen ama non insulta, nin humilla, nin vexa, nin viola, nin mata.

As violencias machistas non só se dan no ámbito da parella e da familia, senón que teñen tamén outros contextos e outras manifestacións máis aló dos asasinatos.



Debemos evitar que a violencia de xénero se recolla nos espazos sociais como parte do día a día, instalándose nunha dolorosa rutina, de xeito que faga parecer innecesaria a alarma social que provoca esta forma delituosa, imprescindible para remover conciencias e xerar un cambio cultural, social, político e xurídico a este respecto, e para evitar que se transmitan ás mulleres e homes do futuro as mensaxes estereotipadas que son caldo de cultivo da violencia de xénero.

Sabemos que o camiño a seguir é complexo, porque o fenómeno da violencia de xénero afunde as súas raíces na historia das nosas sociedades. Aínda que o cambio virá dado por un compromiso efectivo político, institucional e persoal belixerante e contundente fronte á violencia de xénero.

Soamente cun verdadeiro acordo social evitaremos que fallen os resortes que deberían facer posible unhas relacións igualitarias entre mulleres e homes.

Este Manifesto quere facer visible a desigualdade e discriminación que supón a violencia machista e denuncia publicamente as múltiples situacións de violencia e discriminación que sofren tantas mulleres neste mundo. Esta violencia nega o dereito fundamental das mulleres á vida, é a manifestación máis devastadora da discriminación por razón de xénero e atenta contra os dereitos humanos.

Estamos lonxe da igualdade entre mulleres e homes, e temos a obriga de seguir traballando.

Por iso esiximos:

- Que se considere a violencia de xénero como unha cuestión de estado.
- Que toda a sociedade, organizacións e institucións se comprometan nesta loita.
- Que se destinen recursos para previr e combater todas as formas de violencia cara as mulleres.
- Que toda a sociedade estea comprometida realmente na prevención e erradicación da violencia de xénero.
- Que se desenvolva a coeducación en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.

En definitiva, esiximos que desde todos os ámbitos (o político, o económico e o social) marquemos como obxectivo prioritario unha sociedade máis xusta e igualitaria, onde ser home e muller non se acepte como criterio para unha xerarquía, onde se eduque aos nenos e nenas na igualdade, o respecto e a tolerancia, onde as persoas teñan os mesmos dereitos e non se permita que ser muller sexa un factor de risco.

Facemos un chamamento a cada persoa, a cada institución, a cada partido político, para **NON SER CÓMPLICES** desta barbarie.

Só pode ser feliz quen sente libre, quen non ten medo, quen se sabe respectada e valorada porque a consideran igual, quen ten o dereito efectivo de opinar, de discrepar, de decidir. Non podemos permitir que estes dereitos se escatimen ás mulleres. Está en xogo a dignidade de máis da metade da poboación e facer que as democracias sexan dignas de tal nome.

Por todas estas razón pedimos a todas as persoas que **NON XUSTIFIQUEN, NON SILENCIEN A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

#### **8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas do Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:



-- Sobre o informe sobre o que aconteceu cos 10.000 € das axudas ao transporte do ano pasado a Presidencia di que xa foron publicadas na Xunta de Goberno Local. Concedéronse as axudas a nove familias. Para o ensino a proposta de axuda é de 2.250 €, e para o transporte non está cuantificado. Desas nove familias, sete delas presentaron a xustificación por importe de 1.170 €.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta que pasa co resto dos cartos que non se gastaron.

A Presidencia replica que en principio quedan.

-- Sobre a Guía do galego na administración local, di que é un comentario ou un rogo.

-- Sobre o anuncio nas festas do Patio dun despacho de avogados CEG Avogados, di que é un comentario que non comparte e remítese ao xa contestado sobre unha cuestión parecida ou similar no Pleno do 23/09/2015.

-- Sobre a reunión cos responsables de Correos, a Presidencia contesta que será, a petición deles, na semana do once de novembro despois das eleccións.

-- Ás pregunta de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

-- Sobre a viaxe institucional este verán, a Presidencia di que a viaxe a Eslovaquia en setembro, o Alcalde e a traballadora responsable da coordinación do proxecto europeo Youthnest.crea asistiron á reunión final do citado proxecto onde se realizou a valoración de dito proxecto e tivo lugar o último evento de difusión do mesmo coa presenza dos representantes dos seis países participantes.

Cre que a presenza do Alcalde era relevante de cara a crear novas alianzas para futuros proxectos co concello eslovaco e co resto. De feito, desa xuntanza saíron novas ideas para un futuro proxecto Erasmus cos mesmos socios.

Por outro lado di que serán informados por correo electrónico os portavoces das viaxes do Alcalde.

-- Sobre unha viaxe a Arxentina con prazas limitas di que non hai unha orde de adjudicación de prazas. No caso de que houberse máis solicitudes ca prazas, primeiro serían os empadroados en Vedra e despois os que antes se anotaran.

O motivo da viaxe é que ao longo de varios anos houbo veciños que demandaron que o concello organizara unha viaxe, e a comunidade vedresa en Bos Aires é das máis numerosas e activa da emigración galega, e son uns veciños máis que queren que o seu Alcalde os visite e escoite.

-- Sobre a campaña “En negro contra as violencias machistas” di que xa están adheridos á campaña.

-- Ás pregunta de dona Raquel Sangiao do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

-- Sobre a realización de certas tarefas de mantemento no CPI de Vedra a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro, do PP, que di que este concello traballa sempre para atender as demandas dos seus centros educativos o mellor e máis axiña posible, en función das súas posibilidades e así o recoñeceron publicamente os directores e directoras.





Moitas das demandas son obrigas por parte do concello e este grupo de goberno entende que a educación debe ser unha das prioridades.

No caso do selado das xanelas, di que pasaron o orzamento en outubro, días despois do pleno. Neses días xa se fixeron as xestións oportunas e deuse orde de facelo en coordinación co centro educativo.

No que se refire ás lousas e lastras, di que se falou coa Consellería e coa empresa que está a executar as obras de ampliación. A pretensión era que eles fixesen esa actuación. Xa fixeron algunhas e se quedase algunha por facer, faríase cargo o Concello.

Respecto á foxa séptica e á zona infantil, di que xa se falou diso porque consideran que é importante facelo.

Sobre as fontes de auga para os centros educativos, dique é un tema que se vai estudar.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, dille a dona Raquel Sangiao que fale que é o que se chama dereito a réplica.

Intervén a Presidencia para advertirlle ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, que o Presidente é el. Este punto é a contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores, non rogos e preguntas. O dereito a réplica está no debate dos temas plenarios.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que non sabe se lle dixo a verdade o director do centro ou lle mentiu, porque lle dixo que tiña presentado o orzamento do selado hai tempo e que o Sr. Costa Carneiro, do PP, lle comunicara que se extraviara no concello, que a empregada municipal non o pasou ao seu sitio correspondente. Di que o Sr. Costa Carneiro contoulle outra historia distinta e pregunta a quen crer.

O Sr. Costa Carneiro, do PP, di que non lle vai dicir a quen ten que crer. Di que cando chegou ás súas mans solucionouno que é o que importa e ten proba gráfica e documental e pode ensinarlla cando queira.

-- Sobre as actuacións teñen previstas na piscina municipal, A Presidencia di que se van facer antes do verán e xa hai unha partida orzamentaria para iso.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

-- Sobre saír nas noticias como un dos poucos concellos da comarca onde as obras do colexio impiden o normal desenvolvemento do curso escolar, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro, do PP, que di que non pode opinar porque non o viu.

En canto a que se alonguen no tempo, di que todos os usuarios do centro preferían que non, pero o que desexa é que queden ben. As obras foron planificadas para que interfiran o mínimo no desenvolvemento do curso escolar.

-- Sobre da venda do tractor e furgoneta municipal, di que é unha opinión que non comparte.

-- Respecto á opinión sobre a concelleira dona Susana García, di que é unha opinión que non comparte.

-- Sobre o viveiro dixital e como se financiaría, di que levan máis de un mes as concellerías responsables reuníndose e traballando sobre iso. Espera poder concretar nas



próximas semanas e que estea en funcionamento en xaneiro do 2020. Cando iso se produza avisarao.

-- Sobre o xornal NÓS, di que se ratifica na resposta xa dada.

-- Ás preguntas do dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, a Presidencia cédelle a palabra a dona Susana García do PP, que di que as reunións periódicas non as propuxo a Asociación Berenguela nin formar a comisión, porque xa forma parte da comisión asesora xa constituída e que en datas próximas tense que volver a reconstituír xa que algúns dos membros que formaban parte desa comisión xa non forman parte do grupo de goberno. Indica que xa se lles comunicará a data.

Sobre o Plan de igualdade e a guía que se vai enviar ás casas, di que dende este grupo de goberno confíase plenamente no labor desenvolvido polos técnicos e técnicas do concello. Di que son técnicos e técnicas de primeira, e en concreto a técnica de igualdade está sobradamente preparada, formada e cunha experiencia de máis de vinte anos ao fronte desa concellería e con formación continua.

Para ela isto supón unha inxerencia no labor da técnica. Ademais, neste caso coincide que a concelleira tamén é especialista en violencia de xénero. A guía prepáraa a técnica, supervisada pola concelleira, pero é un traballo da concellería. Cre que hai que distinguir onde empeza e remata a función dun político e a función dun técnico ou técnica.

A guía inclúe os dereitos e recursos que hai arredor da violencia de xénero, destinados ás vítimas e a sociedade en xeral, e é obxectiva e baseada na lei.

En canto ao que se está a facer desde que se aprobou o plan integral enumera o seguinte:

1. Constitúese unha comisión técnica formada polo persoal técnico de cada departamento do concello.
2. Constitución da mesa local de coordinación xunto cos concellos de Boqueixón e Touro.
3. Metodoloxía de coordinación para o seguimento dos distintos departamento, rexistro de seguimentos referido ao plan.
4. Conmemoración do 25N e 8M en colaboración coa asociación Berenguela.
5. Primeiro encontro de asociación de mulleres, proxección de “Corta coa violencia”, bingo de mitos cos maiores, información mensual específica de iniciativas para e por as mulleres no boletín.
6. Programa de formación e sensibilización básica en xénero dirixo ás persoas responsables, técnicos e representantes da estrutura de participación social; cursos on-line, escola virtual de igualdade do Ministerio e EGAP; programas de capacitación específica e transversalidade de xénero dirixidas a persoal técnico e equipo de goberno.
7. Guía de boas prácticas e de comunicación institucional sensible ao xénero para a revisión de estereotipos nos discursos institucionais, protocolo, uso da linguaxe non incluínte que está colgada na páxina web.
8. Estudos de xénero – escala violencia de xénero, percepción na adolescencia en colaboración co CPI de Vedra.





9. Conectadas polo emprego, programa conxuga de conciliación (ludoteca, madrugadores), fomento do emprego feminino, promoción da corresponsabilidade, prevención e erradicación da violencia de xénero.
10. Actualización e capacitación en TIC's: taller de smartphones.
11. Xincana para a igualdade nos centros educativos, prevención da violencia de xénero. Exposición “Á violencia de xénero dille NON”.

Nos próximos meses desenvolveranse as seguintes actividades:

1. Conmemoración do 25N e 8M.
2. Continuación co programa de sensibilización e información básica en xénero dirixidos ás persoas responsables técnicos e representantes de estruturas de participación social. Formación para os profesionais relacionados directamente coa atención de mulleres en situación de vulnerabilidade (Programa Mulleres +)
3. Estudos de xénero en mulleres maiores; convenios e subvencións para a promoción da igualdade coa asociación Habilitas; o pacto de Estado de violencia de xénero coa Secretaría de Igualdade.

O programa Mulleres + é un programa de promoción de igualdade , prevención da violencia de xénero no concello de Vedra, cos seguintes obxectivos xenéricos definidos:

1. Potenciación das propias capacidades, empoderamento e participación comunitaria, mellora da calidade vida, igualdade e exercicio de dereitos.
2. Programas de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia de xénero co obxectivo de aumentar a participación das mulleres, erradicar a violencia de xénero que afecta gravemente ás mulleres do medio rural, para así mellorar a resposta fronte a violencia de xénero e conseguir un cambio no modelo de relación social en todas as parroquias, o que se chama “enredadas no feminismo”. Con este programa vanse facer os talleres, vanse repartir as guías, folletos e actividades programadas.
3. Actualización e capacitación en TIC's e acción de coeducación para o fomento das vocacións e igualdade.

Hoxe recibiron outra actividade que lle foi concedida, que é “Hai saída grazas a ti”, pola área de igualdade por estar na rede galega de concellos contra a violencia de xénero. Trátase dun encontro – debate sobre a abordaxe da violencia de xénero especialmente dirixida á mocidade.

Cre que se está a traballar moito na área de muller e igualdade.

Respecto á pregunta sobre o comezo dos talleres, di que comezan o 07/11/2019 e continuarán os días 14, 19 e 21.

--Sobre a solicitude de envío da documentación que se vai tratar en comisións e plenos por correo electrónico, a Presidencia di que non hai problema en facilitar o acceso á mesma polas tardes.

### **9.- Rogos e preguntas.**

-- O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, dille a dona Susana García que xa saben que os traballadores municipais son competentes. Os que non son competentes son os membros do grupo de goberno.



Sinala que no RD 25/68 de 1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, na súa sección 2ª artigo 94 d di: “Quien se considere aludido por una intervención podrá solicitar del Alcalde o Presidente que se conceda un turno por alusiones, que será breve y conciso”.

Dille ao Sr. Alcalde que unha persoa aludida ten o dereito de réplica e a Presidencia ten a autoría de poder darlle ese dereito. Se non quere é outro tema.

1º.- Falta por responder un informe sobre o pendello feito polo Sr. González Couto, do PP. Pregunta se está en trámites ou non pensa responder.

2º.- Respecto ao bufete de avogados, parece que hai certas cuestións que lle molestan e non quere responder. Recórdalle que o seu deber é responder a todas as preguntas que se fan no pleno.

Nese mesmo decreto hai un apartado que di: “as preguntas formuladas por escrito con 24 horas de antelación serán contestadas na sesión ou por causas debidamente motivadas na seguinte”. Onte a primeira hora da mañá presentaron unhas preguntas por rexistro.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, rectifica ao Sr. Lago Lestón e di que foron presentadas no día de hoxe.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pide desculpas.

3º.- Reitera a pregunta de se lle parece ético a publicidade do bufete de avogados nesa festa, como se chegou a poñer, etcétera.

4º.- O 29/04/2019 saíu unha convocatoria de subvencións da Deputación de A Coruña a concellos da provincia en materia de medio ambiente. Vista a resolución, o concello de Vedra ou non presentou a solicitude ou se esqueceu. Perdéronse 2.400 € por ineptitude do grupo de goberno. Pregunta por que non se presentou esa solicitude e se perderon eses cartos.

5º.- Solicita o cambio das marquesiñas que o necesiten, sobre todo as máis antigas e algunhas sen asento. Teñen 2 localizadas: unha en Fraiz e outra no Regueiro en Santa Cruz.

6º.- Como está de actualidade a exhumación do ditador Franco, gustaríalle saber como está o catálogo de símbolos franquistas que se comprometeu a elaborar hai uns meses o grupo de goberno a petición do grupo municipal do PSdeG-PSOE. Faríao o seu grupo de goberno pero ao mellor teñen medo de tocar algunhas propiedades de amigos do partido.

7º.- Solicita que se coloquen os vídeos dos plenos en Youtube, porque están desde febreiro sen subir.

8º.- Solicita o arranxo das filtracións de auga que hai no teito do local de San Pedro de Sarandón.

9º.- Cónstalle que certa empresa tivo unha baixa importante na contratación co concello. Pregunta a que se debe isto. Espera que non se deba a que o fillo do dono fora na candidatura do PSdeG-PSOE. Están fartos desa maneira de proceder. A definición do PP é caciquismo e clientelismo.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:



1º.- Xa que non fixo mención ás preguntas que se presentaron por rexistro e quere que consten en acta, por iso as vai formular:

Pregunta se existe expediente de contratación de subministro por parte do concello con Droguería-Ferretería El Sol con CIF B70084413 que dea cobertura a todos os pagos efectuados a esa empresa.

Pregunta cal é a relación do Alcalde coa citada empresa e se existe algunha vinculación familiar e cal é o importe total pagado a esta empresa desde o 01/01/2015 e en cada un dos exercicios orzamentarios desde esa data.

2º.-Pregunta que pasa coa iluminación pública na aldea de Paradela. Nos últimos 2 meses falou varias veces co Sr. Vázquez Martínez e chamou a ese número que comeza por 902. Mostra o seu malestar polo número de tarificación adicional.

3º.- Quere saber que pasa co boletín municipal. Isto está relacionado co tema de Correos; gustaríalle asistir á esa reunión con Correos. O boletín ou se recibe o 10 ou 14 de cada mes, ou como aconteceu este mes que se recibiu dúas veces. Pregunta se lle pagaron a alguén para distribuílos a principios de mes e despois Correos o distribuíu cando lle pareceu.

4º.- Pregunta cal foi a participación nesta edición do Vedra de tapas, e cales foron as puntuacións.

5º.- Solicita a convocatoria da comisión de urbanismo para ser informada do estado do polígono industrial.

6º.- Felicita ao grupo de goberno por adherirse á campaña Contra das violencias machistas.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Cando ten pensado cumprir na ludoteca o concello co RD 354/2003 onde se regula o cociente de nenos por monitor. Na maioría das tardes o cociente non se cumpre. De feito o pasado 9 de outubro houbo un accidente. Pregunta se agora que xa está feita a lista de agarda para traballar na ludoteca van cumprir o cociente e a normativa.

Di que a nena que sufriu o accidente é filla dela, senón igual o grupo de goberno o tapaba e non se facía público.

2º.- Pregunta se o pendello do Sr. González Couto ten licenza ou non.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Se a demora que se vai producir na obra do velódromo lle afecta á moción presentada para a construción do skate park.

A Presidencia di que non, que en principio son cuestións diferentes.

2º.- En Illobre, xunto ao Terrón, hai unha obra que teoricamente é un espazo para a venda de pedra. Os veciños dixéronlle que nunha masa común que hai detrás onde estaba o antigo viveiro, parece ser que nese espazo vai haber unha modificación e que vai haber un serradoiro de pedra.

Intervén a Presidencia para dicir que ese espazo estao usando provisionalmente o club de montaña Vértice.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que espera que sexa un punto de venda, xa que non pode haber un serradoiro nese espazo.



3º.- Pregunta se a proba práctica para acceder á praza de conserxe municipal consistía en cronometrar o tempo que se tarda en cambiar unha lámpada.

4º.- Respecto á depuradora de Bazar, o 31/07/2019 a Consellería de Medio Ambiente deulle o visto bo ás alegacións, e polo tanto, debería poder construírse. No documento aparece o emprazamento. A depuradora vai quedar a 70 m. dunha primeira vivenda, a 150 m. dunha segunda vivenda, a 200 m. da aldea e a 1 km. escaso do núcleo de Vedra. Pregunta se falou cos veciños de Bazar do emprazamento da depuradora.

Teñen o coñecemento da depuradora de Neira que ten un problema de malos olores, e cando se constrúa a depuradora de Bazar o prezo da vivenda nesa zona caerá á metade.

5º.- Pregunta se considera ético, tendo dedicación exclusiva, ter un gabinete de avogados e anunciarse nas festas parroquiais. Pregunta cal é a súa consideración persoal sobre iso.

6º.- Respecto á viaxe a Arxentina, imaxina que será con cartos propios. Os veciños que pretende visitar son bonaerenses con raíces en Vedra. Dille que tamén ten veciños na emigración en Teo, A Estrada, etcétera como consecuencia da política urbanística. Solicita que gaste os cartos en estudar o PXOM, nas modificacións parciais que prometeron no programa electoral e en particular que se revise a rede de rehabilitación e de rexeneración urbana de 2019 e a modificación da Lei do solo de 2016; porque no 2020 acomete a Xunta de Galicia as modificacións das mesmas e son dúas leis fundamentais para desenvolver un novo PXOM en Vedra.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Dille á concelleira de igualdade que non pon en dúbida a súa eficacia e menos a das técnicas. De todos os xeitos cre que non vén mal apoiarse nos outros grupos políticos para certas cuestións. Aínda que sexan expertas no tema, cre que os outros grupos poden aportar outra visión.

Di que descoñecía a existencia desa comisión asesora, e pregunta porque despois de cinco meses non está constituída.

2º.- No local social de San Miguel a asociación cultural realiza moitas actividades, sobre todo os luns. No inverno é un local moi frío e se prenden un radiador no local de arriba e de abaixo, salta o automático.

A Presidencia di que están buscando unha solución a iso.

Intervén o Sr. Secretario para realizar unha aclaración ao Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, relativa ao regulamento de organización. Di que a Presidencia osténtaa o Alcalde, que fai uso da palabra cando considera e corta a palabra cando o considera. Os demais concelleiros falan coa autorización do alcalde.

En canto ao que leu o Sr. Lago Lestón, di que iso é nos debates. Os debates son un punto da orde do día. Rogos e preguntas ou contestación ás preguntas de plenos anteriores non é un debate, polo tanto non hai réplica. Outra cuestión é que a Presidencia queira dar ese dereito a réplica ou non. El é o que preside.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE di que agora están no punto de rogos e preguntas e pregunta se isto é unha pregunta.

O Sr. Secretario replica que é unha aclaración a unha cuestión coa que non estaba de acordo os Sr. Lago Lestón.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Di que non ten que pedir autorización para dar unha explicación. Se a Presidencia di que o Secretario faga unha intervención aclarando un punto que xorde na sesión plenaria, a obriga do Secretario é aclaralo. Recalca que a Presidencia en calquera momento pode dar a palabra. Se a Presidencia contesta a unha pregunta e un membro do pleno quere replicar ten dúas opcións: dar a palabra nese momento ou o concelleiro/a usar o seguinte punto de rogos e preguntas.

Intervén a Presidencia para dicirlle ao Sr. Lago Lestón, que non se confunda. Cando interrompeu na intervención, non acabara de falar con dona Raquel Sangiao e dixo que contestara. O Alcalde dixo que o Presidente era el.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.